



PROCESO SELECTIVO Nº 27 INTECMAR OPCIÓN 2 GALEGO

1. Segundo o artigo 10 da Constitución, os principios que fundamentan a orde política e a paz social en España son:
 - a. A igualdade ante a lei e a separación de poderes.
 - b. A dignidade da persoa, os dereitos inviolables, o libre desenvolvemento da personalidade e o respecto á lei e aos dereitos dos demais.
 - c. A unidade indisoluble da nación e o recoñecemento das comunidades autónomas.
 - d. A independencia do poder xudicial e a primacía do ordenamento xurídico europeo.
2. Que competencia ten a Comunidade Autónoma de Galicia segundo o artigo 39 do Estatuto de Autonomía?
 - a. A capacidade de modificar as normas básicas do Estado.
 - b. A creación e estruturación da súa propia Administración pública dentro dos principios xerais e normas básicas do Estado.
 - c. A supresión dos municipios que integren unha comarca.
 - d. A xestión exclusiva de todas as entidades locais sen posibilidade de delegación.
3. Cantos deputados forman o Parlamento de Galicia segundo o Estatuto?
 - a. Entre 60 e 80 deputados.
 - b. Entre 75 e 100 deputados.
 - c. 125 deputados fixos.
 - d. 150 deputados, con posibilidade de ampliación.
4. Cal das seguintes afirmacións sobre a Xunta é correcta segundo o Estatuto?
 - a. É o órgano colexiado de goberno da comunidade autónoma.
 - b. Está formado exclusivamente polo presidente da Xunta.
 - c. Ten funcións unicamente consultivas.
 - d. Non ten competencias lexislativas.
5. A través de que órganos se exercen os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o artigo 9 do Estatuto de Autonomía?



- a. A través do Senado, a Xunta e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
 - b. A través do Parlamento, a Xunta e o seu Presidente.
 - c. A través do Parlamento, o Congreso e a Xunta.
 - d. A través da xunta, o Valedor do Pobo e o Tribunal Constitucional.
6. Cal dos seguintes supostos non é causa de nulidade de pleno dereito dun acto administrativo?
- a. Actos que teñan un contido imposible.
 - b. Actos administrativos ditados con erros de forma.
 - c. Actos constitutivos de infracción penal.
 - d. Actos que lesionen dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
7. Cal das seguintes é unha causa de inadmisión dun recurso administrativo?
- a. Que o recorrente omitise asinar.
 - b. Que o acto impugnado teña un defecto de forma.
 - c. Que o recurso careza manifestamente de fundamento.
 - d. Que o recorrente non utilizase o formato oficial do recurso.
8. Segundo o artigo 10 da Lei 4/2019 da administración dixital de Galicia, ¿que grupo está obrigado a relacionarse coa Administración galega exclusivamente a través de medios electrónicos?
- a. Tódolos cidadáns sen excepción.
 - b. Só as empresas e grandes corporacións.
 - c. Os autónomos e os estudantes universitarios para trámites relacionados coa súa actividade.
 - d. Calquera persoa que o prefira, pero sen obrigatoriedade.
9. Quen é titular da sede electrónica da Xunta de Galicia?
- a. O Goberno de España.
 - b. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas entidades públicas instrumentais.
 - c. Só a Consellaría con competencias en administracións públicas.
 - d. Cada departamento da Xunta de Galicia de maneira independente.



10. Segundo o principio de proporcionalidade, recollido na Lei 40/2015, do 1 de outubro ¿que condición deben cumprir as sancións pecuniarias?
- a. Non poden ser superiores ó dano causado.
 - b. Deben ser sempre o dobre do beneficio obtido polo infractor.
 - c. Non poden facer que a infracción resulte máis beneficiosa que o cumprimento da norma.
 - d. Sempre deben ser iguais para todos os infractores.
11. Que características debe cumprir un dano para ser indemnizable segundo o artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público?
- a. Ser efectivo, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.
 - b. Ser calquera tipo de dano que un particular alegue ter sufrido.
 - c. Ter sido producido por un funcionario público no exercicio das súas funcións.
 - d. Que estea recoñecido como tal por calquera normativa, sen necesidade de sentenza xudicial.
12. Segundo o artigo 4 da lei 16/2010, do 17 de decembro, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico deben actuar con sometemento a:
- a. A Constitución, o Estatuto de autonomía e a lei, e ao resto do ordenamento xurídico.
 - b. As disposicións internas de cada Consellaría.
 - c. As decisións do presidente da Xunta.
 - d. Os intereses particulares dos seus membros.
13. Quen ten a competencia para crear, modificar ou suprimir as Consellarías na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia?
- a. O Parlamento de Galicia .
 - b. O Consello da Xunta.
 - c. A persoa titular da Presidencia da Xunta .
 - d. As secretarías xerais.
14. Que principio debe respectar a mobilidade forzosa do persoal funcionario?



- a. Debe respectar as retribucións e condicións esenciais de traballo.
 - b. Só debe respecta-la antigüidade do funcionario.
 - c. Se aplica sen necesidade de xustificación ningunha.
 - d. Non se pode aplicar en ningún caso.
15. Cal é o requisito mínimo de antigüidade para participar nun concurso específico?
- a. Dous anos como funcionario de carreira.
 - b. Tres anos como funcionario de carreira.
 - c. Seis meses en calquera posto.
 - d. Non se require antigüidade.
16. Quen realiza a valoración do currículo do persoal de investigación no proceso de selección, segundo o Decreto 12/2024, do 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia?
- a. Un comité externo independente.
 - b. Unha comisión designada polo centro ao que pertenza o posto.
 - c. Un representante da Administración xeral do Estado.
 - d. Un xurado seleccionado pola Xunta de Galicia.
17. Que principio NON está incluído explicitamente nos procesos de selección do persoal de investigación segundo o Decreto 12/2024, do 11 de xaneiro?
- a. Igualdade
 - b. Mérito
 - c. Confidencialidade
 - d. Publicidade
18. Cal das seguintes potestades NON corresponde ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia?
- a. Aplica-la normativa sobre calidade de augas e biotoxinas mariñas.
 - b. Decreta-la apertura e peche da actividade pesqueira segundo os controis de calidade.
 - c. Fixar unilateralmente os prezos dos produtos do mar.
 - d. Realizar estudos científicos sobre a xestión dos recursos mariños.



19. Quen nomea o director do Intecmar?
- a. O presidente do Consello de Administración.
 - b. A Consellería competente en pesca mediante concurso público.
 - c. O Consello da Xunta de Galicia por proposta do conselleiro competente.
 - d. O persoal do Intecmar mediante elección interna.
20. Cal é o réxime tributario do Intecmar?
- a. Está exento de calquera tributo.
 - b. Está sometido a un réxime especial distinto ao da Xunta de Galicia.
 - c. Segue o mesmo réxime tributario que a Xunta de Galicia.
 - d. Paga impostos unicamente sobre os ingresos xerados polas súas actividades.
21. Segundo o Capítulo IV do Título II do Regulamento (UE) 2017/625, que autoridades son responsables da designación dos laboratorios oficiais?
- a. Só a Comisión Europea.
 - b. Organismos de certificación privados.
 - c. Autoridades competentes designadas por cada Estado membro.
 - d. Empresas do sector agroalimentario baixo supervisión externa.
22. Cal destas afirmacións sobre os laboratorios oficiais no marco do Regulamento (UE) 2017/625 é correcta?
- a. Non é obrigatorio que estean acreditados.
 - b. Deben estar acreditados conforme á norma EN ISO/IEC 17025.
 - c. Só poden realizar análises para produtos importados.
 - d. Poden delegar as súas funcións en laboratorios sen certificación.
23. Como se adoptará a decisión de establecer un laboratorio de referencia da UE?
- a. Mediante un acto delegado conforme ao artigo 144.
 - b. A través dunha votación no Parlamento Europeo.
 - c. Por acordo unánime de todos os Estados membros.
 - d. Mediante unha consulta pública aberta aos cidadáns.



24. Cal é o obxectivo principal do Título V do Regulamento de Execución (UE) 2019/627?
- Regular a etiquetaxe dos produtos pesqueiros.
 - Establecer os requisitos para a clasificación e vixilancia de zonas de produción de moluscos bivalvos vivos.
 - Regular os niveis máximos de mercurio en peixes e mariscos.
 - Definir os procedementos de control na comercialización de crustáceos.
25. Segundo o Regulamento de Execución (UE) 2019/627, que sucede se se detectan biotoxinas mariñas en niveis superiores aos permitidos nunha zona de produción?
- Permítese a comercialización cunha etiquetaxe especial.
 - Prohíbese a recolección e comercialización dos moluscos bivalvos vivos ata que os niveis sexan seguros.
 - Pódense vender só a través de circuítos locais controlados.
 - Permítese a súa venda despois de ser sometidos a depuración con auga salina tratada.
26. Como deben clasificarse as zonas de produción de moluscos bivalvos vivos segundo o Regulamento de Execución (UE) 2019/627?
- En función do tipo de molusco recollido.
 - Segundo a calidade microbiolóxica e presenza de contaminantes.
 - Segundo a temperatura media da auga en cada temporada.
 - De acordo coa demanda de exportación de cada país membro.
27. Que plan de actuación (Orde do 14 de novembro de 1995) se aplica cando non hai condicións oceanográficas favorables para o desenvolvemento de especies fitoplanctónicas tóxicas, nin están en concentracións significativas, nin hai toxicidade nos organismos susceptibles de consumo?
- Plan A
 - Plan B
 - Plan C
 - Plan D
28. Cantas veces por semana se realizan mostraxes no plan B3, nos puntos fixos primarios, segundo a Orde do 14 de novembro de 1995?
- Unha vez.



- b. Dúas veces.
 - c. Tres veces.
 - d. Cinco veces.
29. Cal é o procedemento obrigatorio para a comercialización de vieiras con niveles de ácido domoico establecidos na Orde do 15 de xaneiro de 2002 pola que se regula a extracción e comercialización de vieira?
- a. Deben ser conxeladas antes da súa venda.
 - b. Deben ser evisceradas na planta autorizada.
 - c. Deben ser lavadas con auga salina especial.
 - d. Poden venderse directamente en mercados locais.
30. Que factor se usa para obter a incerteza expandida nunha calibración?
- a. Distribución de Poisson.
 - b. Factor k baseado na distribución t de Student.
 - c. Regla de tres estatística.
 - d. Media das medidas obtidas.
31. Cantas repeticións se realizan para obter a incerteza de repetibilidade en pipetas de volume fixo?
- a. 5
 - b. 7
 - c. 10
 - d. 2
32. Cal dos seguintes medios se usa para calibrar un termómetro no rango de -60 a 30 °C?
- a. Auga
 - b. Etanol
 - c. Etilenglicol + Auga
 - d. Aire
33. Que acción é obrigatoria cando se detecta un traballo non conforme segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025?



- a. Corrixilo sen necesidade de documentación.
 - b. Iniciar un procedemento de xestión documentado.
 - c. Descartar os resultados sen análises.
 - d. Permitir que o cliente decida que facer.
34. Que debe incluír o informe de resultados dun laboratorio segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025?
- a. A) Só o nome do técnico que realizou o ensaio e os resultados.
 - b. B) Resultados, incerteza de medida (se é aplicable) e rastrexabilidade.
 - c. C) Un resumo da norma ISO 17025.
 - d. D) Os datos numéricos sen interpretación.
35. Cal dos seguintes aspectos deben incluír os rexistros dun laboratorio segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025?
- a. A identificación do equipo utilizado no ensaio .
 - b. O nome do cliente que solicitou a análise.
 - c. Só os resultados satisfactorios dos ensaios.
 - d. Un resumo verbal de cada procedemento realizado.
36. 36 Que grupo de biotoxinas mariñas ten maior incidencia en Galicia?
- a. Toxinas ASP.
 - b. Toxinas PSP.
 - c. Toxinas lipofílicas.
 - d. Toxinas neurotóxicas.
37. As toxinas PSP mais frecuentemente detectadas en Galicia son:
- a. GTX1,GTX2,GTX3 e GTX4
 - b. GTX3, dcSTX,C1, C2
 - c. GTX1,GTX2,GTX3 e GTX4 na costa ao norte de Fisterra e STX na costa ao sur
 - d. GTX4 GTX3, dcSTX,C1, C2 na costa ao norte de Fisterra e GTX1,GTX2,GTX3 e na costa ao sur
38. A toxicidade PSP media en mexillón de Galicia, presenta máximo(s) en:



- a. Xuño-Xullo
- b. Abril-Maio
- c. Novembro-Decembro
- d. É moi similar durante todo o ano

39. Que toxinas emerxentes teñen sido detectadas en Galicia?

- a. Espirólidos, gymnodiminas e ciguatoxinas
- b. So espirólidos e gymnodiminas
- c. Espirólidos, gymnodiminas e tetrodotoxinas
- d. Tetrodotoxinas e pteriatoxinas

40. Que tipos de toxinas emerxentes son máis frecuentemente detectadas en Galicia?

- a. Iminas cíclicas
- b. Toxinas paralizantes
- c. Palitoxinas
- d. Amphidinoles

41. Que métodos poden usarse para a detección de toxinas emerxentes?

- a. So bioensaio de rato ou ensaios celulares.
- b. Métodos químicos ou alternativos que teñan unha detección axeitada ou bioensaio de rato.
- c. So HPLC con columnas HILIC ou fase reversa e detección por espectrometría de masas.
- d. Métodos químicos ou alternativos que teñan unha detección axeitada pero non bioensaio de rato.

42. Segundo a norma UNE-EN 14526:2017, para a determinación cuantitativa dun tipo de toxinas PSP ten que facerse un fraccionamento. ¿Cantas fraccións se obteñen?

- a. 2
- b. 3
- c. 4
- d. 5



43. Para as análises de toxinas PSP segundo a norma UNE-EN 14526:2017, o detector debe ser:
- a. De fluorescencia coa lonxitude de onda de excitación axustada a 340 nm e a de emisión a 395 nm.
 - b. De fluorescencia coa lonxitude de onda de excitación axustada a 540 nm e a de emisión a 655 nm.
 - c. De absorción UV coa lonxitude de onda axustada a 242
 - d. De UV/visible axustada a 242 e 665 nm.
44. Segundo a opinión da EFSA (European Food Safety Authority), cal das seguintes toxinas PSP ten o TEF (Toxicity equivalency factor) mais elevado:
- a. GTX1
 - b. GTX3
 - c. STX
 - d. Son correctas a) e c)
45. No procedemento AOAC (1998) 991.26, para a determinación de toxinas amnésicas, utilízase
- a. Un detector de fluorescencia con lonxitude de onda de excitación de 340 nm e de emisión de 395 nm.
 - b. Un detector de absorbancia no espectro visible.
 - c. Un detector de absorbancia a 242 nm polo menos.
 - d. Un espectrómetro de masas de triple cuadrupolo.
46. Cal é o aminoácido que pode ocasionar interferencias nas análises de ácido domoico e que fai necesario, en ocasións, reaxustar lixeiramente o pH da fase móbil?
- a. Fenilalanina
 - b. Triptófano
 - c. Treonina
 - d. Glutamina
47. No procedemento AOAC (1998) 991.26, para a determinación de toxinas amnésicas, ¿con que se tampona a fase móbil?
- a. Non se tampona
 - b. Con TRIS



- c. Con H_3PO_4
 - d. Con acetato amónico
48. En que consiste o material CRM-DSP-MUSb que se emprega nas analíticas realizadas polo método LC-MS/MS do LR-UE para corrixir, en caso necesario, a recuperación na cuantificación de determinadas toxinas?
- a. Homoxeneizado de tecido de ostra con concentracións certificadas de ácido okadaico, DTX-1 e DTX-2.
 - b. Homoxeneizado de tecido de ostra con concentracións sen certificar de ácido okadaico, DTX-1 e DTX-2.
 - c. Homoxeneizado de tecido de mexillón con concentracións certificadas de ácido okadaico e DTX-1.
 - d. Homoxeneizado de tecido de mexillón con concentracións sen certificar de ácido okadaico e DTX-1.
49. O método de análise de toxinas lipofílicas do laboratorio europeo de referencia (método LC-MS/MS do LR-UE) esixe que:
- a. Todas as toxinas analizadas estean resoltas cromatograficamente
 - b. Que estean resoltas aquelas que non podan distinguirse por espectrometría de masas
 - c. Non fai comentarios sobre a resolución cromatográfica
 - d. Que estean resoltas so aquelas que difiran na súa relación carga/masa en menos de 5 unidades
50. Para que compostos foi validado o método LC-MS/MS do LR-UE?:
- a. AZA-1, AZA2, AZA-3, AO, DTX-1, DTX-2, PTX-1, PTX-2, YTX, 45-OH-YTX, homo-YTX e 45-OH-homo-YTX
 - b. AZA-1, AZA2, AZA-3, AO, DTX-1, DTX-2, PnTX-1, PnTX-2, YTX, 45-OH-YTX, homo-YTX e 45-OH-homo-YTX
 - c. AZA-1, AZA2, AZA-3, AO, DTX-1, DTX-2, CTX-1, CTX-2, YTX, 45-OH-YTX, homo-YTX e 45-OH-homo-YTX
 - d. Ningunha está completa

Suposto 1. Os recontos de unha especie de fitoplancto, que se espera que conteña GTX1, GTX2, GTX3, GTX4 e STX, incrementáronse significativamente nos últimos días na estación L3 de Sada. Por ese motivo o Intecmar, intensifica as súas mostraxes nesta zona que permanece aberta para a extracción de bivalvos. Recóllense mostraxas que se procesan e o seu contido en toxinas PSP determínase seguindo a norma europea UNE-EN 14526:2017.



Neste suposto, responder as seguintes preguntas:

51. Para a extracción das toxinas, que pasos, nesta orde, teñen que executarse?:

- a. Obter 100-150 g de vianda triturada – tomar unha alícuota de 5 g – engadir 3 ml de ácido acético ao 1 % – vortexar – manter nun baño maría a 100°C durante 5 min.
- b. Obter 20-25 g de vianda triturada – tomar unha alícuota de 5 g – engadir 3 ml de ácido acético ao 1 % – vortexar – manter nun baño de auga a 100°C durante 5 min.
- c. Obter 20-25 g de vianda triturada - manter nun baño maría a 100°C durante 5 min - tomar unha alícuota de 5 g - engadir 3 ml de ácido acético ao 1% - vortexar.
- d. Obter 100-150 g de vianda triturada - manter nun baño maría a 100°C durante 5 min - tomar unha alícuota de 5 g - engadir 3 ml de ácido acético ao 1% - vortexar.

52. Para facer as pesaxes será necesaria.

- a. Unha balanza calibrada ou verificada para a pesaxe da vianda triturada e da alícuota.
- b. Una balanza cunha precisión de 0.1 g para a vianda e de 0.01g para a alícuota.
- c. Unha balanza calibrada ou verificada para a pesaxe da alícuota e sen calibrar ou verificar para a vianda triturada.
- d. Unha balanza calibrada xusto antes das pesaxes.

53. Tras a purificación e a oxidación con periodato, as análises mostran que, como se esperaba, os extractos conteñen as seguintes toxinas: GTX2,3, GTX1,4 e STX. Sinala a resposta correcta.

- a. É un perfil típico do xénero *Gymnodinium*. Non contén toxinas N-hidroxiladas polo que non é necesario realizar o fraccionamiento SPE-COOH.
- b. É un perfil típico de *Alexandrium minutum*. Non contén toxinas N-hidroxiladas polo que non é necesario realizar o fraccionamiento SPE-COOH.
- c. É un perfil típico do xénero *Gymnodinium*. Contén toxinas N-hidroxiladas polo que é necesario realizar o fraccionamiento SPE-COOH.
- d. É un perfil típico de *Alexandrium minutum*. Contén toxinas N-hidroxiladas polo que é necesario realizar o fraccionamiento SPE-COOH.



54. As análises deron un resultado de 160 µg de STX 2HCl equivalentes/Kg. Tendo en conta que a incerteza dos resultados é de un 20%, que o informe de ensaio ten que reflectir se se supera o límite legal, e en base á norma UNE-EN-ISO-17025 ¿sería necesario indicar a incerteza no informe de ensaio de biotoxinas?
- a. Non, porque o resultado do ensaio non se vería afectado por ela.
 - b. Non é necesario porque nunca se indica.
 - c. Si, sempre é necesario indicar a incerteza nos informes de ensaio.
 - d. Non é necesario porque para dar o resultado do ensaio tense que sumar ou restar (segundo proceda) a incerteza.

Suposto 2

Nunha área que abarca unha zona de moluscos epifaunais e varios polígonos de bateas, que leva pechada un tempo pola presenza de ácido okadaico aparece unha grande proliferación de *Azadinium* mesturada con *Vulcanodium rugosum* e *Pseudo-nitzschia*, polo que será necesario cuantificar tanto o ácido okadaico nas súas diversas formas coma os azaspirácidos, as toxinas ASP, e as pinnatoxinas. Neste contexto, e seguindo o procedemento normalizado de traballo do Laboratorio Europeo de Referencia (método LC-MS/MS do LR-UE), e o 991.26 da AOAC:

55. Para determinar o contido total de AO, DTX1 e DTX2, tendo en conta a posible presenza de ésteres nas mostras:
- a. Se realizará una etapa previa de hidrólise ácida con HCl 2.5 N, calor e neutralización con NaOH 2.5N.
 - b. Se realizará una etapa previa de hidrólise alcalina con NaOH 2.5 N, calor e neutralización con HCl 2.5N.
 - c. Os ésteres transformanse facilmente nas toxinas das que derivan por simple axitación con calor sen necesidade de engadir ningún reactivo.
 - d. O método LC-MS/MS validado é capaz de detectar os ésteres directamente polo que non é necesario facer ningunha etapa previa adicional.
56. Como diferenciar, do xeito mais sinxelo, o ácido okadaico, e as DTX 1 e 2 nas análises realizadas
- a. Pola súa relación carga/masa.
 - b. Pola súa carga/masa e a súa fragmentación.
 - c. Pola súa carga/masa e o seu tempo de retención.
 - d. Polo seu tempo de retención.



57. Para a análise do ácido domoico das mostras deberá seguirse o seguinte proceso:

- a. Homoxeneización-extracción con metanol:agua 50:50 v:v a 100° C-análise con fase reversa en modo isocrático.
- b. Homoxeneización-extracción HCl 0.1% -análise con fase reversa en modo isocrático.
- c. Homoxeneización-extracción con ácido acético 1% a temperatura ambiente-análise con fase reversa en modo isocrático.
- d. Homoxeneización-extracción con ácido acético 1% a temperatura ambiente-análise con fase reversa en modo gradiente.

58. As análises deron un resultado de 25 mg de ácido domoico/kg. Tendo en conta que a incerteza dos resultados é dun 30%, que o informe de ensaio ten que reflectir si se supera o límite legal, e en base á norma UNE-EN-ISO-17025, ¿sería necesario indicar a incerteza no informe de ensaio de biotoxinas?

- a. Si, porque o resultado do ensaio podería verse afectado por ela.
- b. Non é necesario porque nunca se se indica.
- c. Si, sempre é necesario indicar a incerteza nos informes de ensaio.
- d. Non é necesario porque para dar resultado do ensaio tense que sumar ou restar (segundo proceda) a incerteza.

59. Despois do episodio de ASP temos que decidir as autorizacións e prohibicións de explotación de vieira na zona de produción de epifaunais para o que:

- a. Débese determinar a concentración de ácido domoico en todo o organismo e, se supera os 80 mg/kg, prohibir a explotación e, se é inferior, realizar unha nova toma de mostras entre 1 e 7 días despois, e abrir a explotación só se esta segunda tanda de mostras dá resultados inferiores a 80 mg/kg.
- b. A concentración de ácido domoico debe determinarse en todo o organismo e, se está entre 20 e 250 mg/Kg en dúas mostras consecutivas separadas entre si máis dun día e menos de 7, analizar a gónada e o músculo por separado e, se teñen concentracións inferiores a 4,6 µg/g, permitir a explotación para a evisceración selectiva.
- c. A concentración de ácido domoico debe determinarse en todo o organismo e, se está entre 20 e 250 mg/Kg, analizaranse por separado a gónada e o músculo e, se teñen concentracións inferiores a 20 mg/Kg, permitírase a explotación para a evisceración selectiva.
- d. A concentración de ácido domoico debe determinarse en todo o organismo e, se está entre 20 e 250 mg/Kg en dúas tomas consecutivas separadas entre si máis dun día e menos de 7, analizar a gónada e o músculo por separado e, se



teñen concentracións inferiores a 20 mg/Kg, permitir a explotación para a evisceración selectiva.

60. Queremos analizar espirólidos, debemos usar:

- a. Unha columna HILIC con fases móbiles completamente orgánicas.
- b. Unha columna HILIC con fases móbiles acuosas (<30% orgánica).
- c. Unha columna C18 acoplada a unha precolumna HILIC.
- d. Unha columna de fase reversa.

Reserva

61. Pode o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia cobrar créditos de dereito público?

- a. A través do procedemento de constrinximento regulado na normativa tributaria.
- b. Mediante a contratación dunha empresa privada de cobramento de débedas.
- c. Unicamente por vía xudicial mediante demandas individuais.
- d. Non pode cobrar créditos de dereito público.

62. O método de análise de toxinas lipofílicas do laboratorio europeo de referencia (método LC-MS/MS do LR-UE), utiliza fases móbiles

- a. Ácidas
- b. Alcalinas
- c. Calquera que decida o laboratorio de análise
- d. Ácidas para unhas toxinas e alcalinas para outras

63. Que criterio se usa para determinar a corrección dunha balanza?

- a. A tolerancia establecida polo fabricante.
- b. A diferenza entre o valor nominal do patrón e o valor corrixido.
- c. A media dos valores pesados con cada pesa.
- d. A exactitude máxima permitida segundo o modelo da balanza.

Sobre o suposto 1



64. Para a purificación dos extractos ¿cales dos seguintes pasos, na orde na que aparecen, teñen que realizarse?:

- a. Equilibrar un cartucho SPE-C18 de 3 ml con metanol e auga – cargar 1 ml de extracto a un caudal de 2-3 ml/min recollendo a saída do cartucho – engadir 2 ml de auga ao cartucho recollendo a saída do cartucho no mesmo recipiente que a saída anterior – axustar o pH a 6,5 con NaOH.
- b. Equilibrar un cartucho SPE de intercambio aniónico de 3 ml con metanol e auga - cargar 1 ml de extracto a un caudal de 2-3 ml/min recollendo a saída do cartucho - engadir 2 ml de auga ao cartucho recollendo a saída do cartucho no mesmo recipiente que a saída anterior - axustar o pH a 6,5 con NaOH.
- c. Equilibrar un cartucho SPE-C18 de 3 ml con metanol e auga - cargar 1 ml de extracto a un caudal de 2-3 ml/min recollendo a saída do cartucho - engadir 2 ml de NaOH ao cartucho recollendo a saída do cartucho.
- d. Equilibrar un cartucho SPE-C18 de 3 ml con metanol e auga - cargar 1 ml de extracto - engadir 2 ml de auga - eluir con 3 ml de acetonitrilo recollendo o resultado do cartucho.

65. Segundo a Norma UNE-EN-ISO/IEC 17025:2017, o detector utilizado para a cuantificación das toxinas:

- a. Ten que estar calibrado e/ou verificado antes da súa utilización.
- b. Non é necesario que estea verificado pero si calibrado.
- c. Non ten que estar calibrado nin verificado.
- d. Ten que estar calibrado e/ou verificado antes e despois da súa utilización.

Sobre o suposto 2

66. En que polaridade debe traballar o detector para analizar as toxinas do grupo dos azaspirácidos?

- a. Positiva.
 - b. Negativa.
 - c. Depende do tipo de azaspirácido.
 - d. Positiva ou negativa.
-